

Crítica literaria galega: problemática e actitudes

Armando Requeixo

Hay profesiones extravagantes. ¿Qué niño ha soñado ser de mayor árbitro de fútbol, por ejemplo, o dentista o crítico literario? Esta gente es rara, sin más. Ahora bien, lo gracioso del caso es que al mismo tiempo son gente imprescindible para el buen gobierno del negociado correspondiente.

“Sobre la crítica”, *El Mundo*, 5-12-2002
Joaquim Palau

Con frecuencia, tendemos a obviar e mesmo a facer desaparecer as fronteiras existentes entre disciplinas afíns, confundindo conceptos e realidades que, sendo próximos, non son, porén, idénticos. É o que sucede comunmente cos termos crítico literario e o que eu prefiro chamar analista ou investigador literario.

O crítico literario é un lector autorizado, que ten unha competencia lectora superior que provén da súa experiencia e/ou coñecementos técnicos na materia. A súa visión do texto literario sèrvese de elementos de descrición científico-literarios pero postos ao servizo da emisión dun xuízo de valor, dunha valoración máis ou menos subxectiva do texto. A súa é, xa que logo, unha crítica inmediata, unha crítica pública a misión da cal é, fundamentalmente, a de informar e analizar panoramicamente, mais tamén a de valorar —con argumentos e xustificacións, xaora— os textos aos que se refire, pois na orientación do potencial público lector reside boa parte da súa razón de ser.

Pola contra, o analista ou investigador literario estuda cientificamente os textos servíndose das disciplinas da Teoría da Literatura, da Historia da Literatura, da Literatura Comparada, etc. A súa prospección no texto literario procura ser sempre obxectiva evitando calquera xuízo de valor, que substitúe por hipóteses de traballo que debe demostrar para elevalas á categoría de teses. Neste caso, a súa é unha crítica mediata, unha crítica académica ou universitaria —pois é ese o seu espazo natural— que adoita exercerse sobre obras (clásicas) do pasado e que poucas veces amosa posturas valorativas.

A importancia de ambas aproximacións ao estudo e comentario das obras é en todos os sistemas literarios decisiva. Na cadea *produtor>produto>consumidor* existe tamén o que os teóricos denominan *Mercado* (todos aqueles compoñentes envoltos na compra-venda de produtos literarios) e maila *Institución* (todos os elementos implicados no mantemento da literatura como unha actividade sociocultural: produtores, críticos e investigadores, institucións educativas, editoriais, revistas, medios de comunicación de masas...). Neste sentido, ambas realidades son denominadas por algúns estudosos actividades de mediación, revelador nome para explicar o determinante papel que xogan na cadea comunicativa literaria dende que o libro sae das mans do autor ata que chega ás do lector, pois o papel da Institución —na que se achan tanto a crítica mediata coma a inmediata, non o esquezamos— é determinante tanto no funcionamento do Mercado coma no establecemento do chamado *Repertorio* (modelos canónicos dun sistema literario).

Nas páxinas que seguen tentarei tracexar un mapa aproximado do actual estado da crítica literaria galega, na procura de respostas á pregunta de ata que punto os críticos literarios exercemos funcional e profesionalmente o noso cometido; dito doutro modo ata que punto serve ao público lector o noso traballo e en que medida a profesión crítica poder verse condicionada por diferentes dinámicas que contribúan a desvirtuar o seu labor. Entendo, e así tratarei de demostralo, que existen ou poden existir moi diversos factores que explican o singular do comportamento que revela cada un dos seis elementos do xa clásico esquema comunicativo de Jakobson aplicados a este particular subsistema de comunicación literaria que é a crítica literaria.

Para empezar, ocórrenseme varias circunstancias que poden provocar unha dependencia crítica que adulate o papel dos nosos comentarios, análises e valoracións. Por unha banda estaría o feito de que, nun país pequeno coma este, o coñecemento persoal dos creadores por parte dos críticos é máis que habitual. Esta circunstancia pode —se non se manexa con profesionalidade, claro está, pois en caso contrario non ten por que influír— derivar en amiguismo, que é tanto coma dicir en crítica en positivo ou crítica amable. Téñase presente, amais, que a figura do crítico-creador —tan estendida por estes lares— mesmo pode, por medo ao efecto boomerang, rexeitar facer crítica construtiva, ou sexa, crítica independente na que se interprete e valore con honestidade e profesionalidade. Neste senso, non debe obviarse unha realidade manifesta: en Galicia non existe a figura do crítico profesional, pois ningún dos que a isto dedicamos o noso tempo o facemos como medio único de vida, o que explica que tal figura sexa substituída polas híbridas do crítico-profesor, do crítico-xornalista e do crítico-creador.

Pero indo máis alá, hai que recoñecer que, en casos moi extremos —e xustamente por isto moi ocasionais—, esta proximidade entre creador e crítico pode tamén arrastrar ao revanchismo, ou ao que é o mesmo, ao exercicio da crítica debeladora, inzada de prexuízos e apriorismos abondo subxectivos conducentes a denigrar, de modo ben gratuíto, o labor creador.

A crítica literaria galega tense acumado de vendida ao poder¹, de ser un emporio de “engatusadores de novos giggolós literarios” e “pandilleiros”², de crítica apoloxética e de lapela³, de actuar como repartidores gratuítos de gabanzas⁴ ou de resultar unha crítica covarde para dicir as verdades⁵. Respecto a esta cuestión do amiguismo/revanchismo recensionador e á relación crítico-autor son reveladoras as opinións, entre outros, de Suso de Toro, Francisco Martínez Bouzas e Xurxo Borrazás.

O autor de *Tic tac* chegou reflexionou:

¹ Segundo o parecer manifestado pola poeta Pilar Pallarés a Carme Vidal, “A crítica está prohibida, só se admite para dar imaxe de permisividade”, *A Nosa Terra*, 774, “Guieiro Cultural”, 17 abril 1997, p. 26.

² Alfredo Conde, “O regreso á profunda promiscuidade literaria”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 xaneiro 1998, p. 50/p. 4 e mais “Novela e crítica”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 xullo 1999, p. 48/p. 4.

³ Xavier Costa Clavell, “A crítica literaria e a das artes plásticas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 16 xaneiro 1998, p. 2.

⁴ Manuel Veiga, “Basílio Losada e o piropo literario”, *A Nosa Terra*, 835, “Guieiro Cultural”, 18 xuño 1998, p. 34.

⁵ Pablo González Quintas, “Anibal C. Malvar. A violencia nas palabras”, *Interesarte*, 8, “Literatura”, 2000, pp. 5-6.

¿Pódese cruzar o lector e o xuíz para dar un crítico bo? Penso que non. Dese cruce nace o hermafrodita, un mulo pola súa teimosía e orelleiras, un animal estéril. Unha cousa é un lector reflexivo que propón lecturas e consideracións e outra o engolamento do mal profesor (o que nunca chegará a ser mestre). Polo demais, a relación autor/crítico non deixa de ser unha desas relacións sadomasoquistas de amor/odio que a vida nos amosa que son tan frecuentes e moitas veces necesarias.⁶

O crítico Martínez Bouzas opinou:

Non creo que [os críticos] estean vendidos a ninguén, nin aos directores dos xornais que en xeral lles importa un pemento o que diga o crítico literario na súa colaboración, nin tampouco aos editores... Certamente que tamén hai excepcións, fobias e filias inxustificables, cismas compulsivas, froito de xenreiras persoais ou da tentación do ninguneo... Daquela que nós nos vexamos obrigados a admitir que tamén no sistema literario galego medran os críticos que valoran os produtos literarios desde fóra da literatura, polo amiguismo ou por odios viscerais non á obra senón ao personaxe. Así se explica deste xeito a concesión de certos premios.⁷

O escritor de Carballo nun seu libro escribiu:

Os críticos non deberían coñecer quen é @ autor@ das obras que critican. A expectación en torno aos seus pronunciamentos igualaría entón á que suscitan as propias obras. Se acertaban, con xustiza. Se erraban... nin vos conto.⁸

Ora ben, hai outros atrancos perceptibles na crítica literaria galega (e non só) que afectan aos seus artífices. Velaí están para demostralo as directas ou indirectas presións exercidas por outros elementos conformadores da Institución, como as editoriais ou os medios de comunicación, por poñer só dous exemplos. En ocasións, o crítico pode non chegar a desenvolver con normalidade o seu oficio se ten coas editoras algún tipo de dependencia, ben sexa positiva (agradecemento por monografías publicadas, por envío de libros ao seu domicilio...) ou negativa (rexeitamento de orixinais, falta de envío de novidades editoriais...). E outro tanto pasa cos medios de comunicación, nos que mesmo poden chegar a ser vetados escritos críticos por tratar sobre autores «prohibidos» ou por conter unha ideoloxía —no sentido máis amplo— non coincidente coa dese medio concreto.

Reveladoras de toda esta problemática descrita son as contundentes palabras de Moisés Barcia, que cómpre citar na súa integridade malia a súa extensión:

Unha cousa que permanece inaccesible para o lector de recensións literarias —o que é unha mágoa— é todo o proceso de tirapuxas, anoxos, contubernios, intercambio de chamadas e respostas ofendidas, que segue á publicación dunha crítica literaria negativa. E digo que é unha mágoa porque a miúdo este rifirrafe ten máis virtudes novelescas có libro que o motiva.

⁶ Suso de Toro, "A nosa crítica", *Parado na tormenta*, Vigo, Galaxia, 1996, pp. 194-196.

⁷ Francisco Martínez Bouzas, "Crítica literaria", *El Correo Gallego*, "Correo das Culturas", 15 abril 2001, p. 8.

⁸ Xurxo Borrazás, "Sesenta e seis: aforismos", *O desintegrista*, Vigo, Xerais, 1999, pp. 109-110.

Neste país, onde durante décadas a creación literaria (como o propio uso da lingua autóctona) foi un auténtico exercicio de militancia, chegouse ao acordo tácito de anular toda crítica non ditada en termos exclusivamente eloxiosos. Ante un libro irregular, o máis habitual é que se fale só das súas partes máis aproveitables, e ante un libro indefendible na súa totalidade óptase por destacar as calidades do autor como persoa. Outros factores axudan a que esta situación se perpetúe, o principal dos cales é sen dúbida a endogamia crónica do noso sistema editorial, que obriga a que quen desexa facer carreira no escuálido mundo da literatura e da paraliteratura galegas teña que saber nadar e gardar a roupa.

A consecuencia máis directa desta modorra instituída no panorama da crítica literaria galega é a total incapacidade de aceptar, xa non a valoración negativa dunha obra, senón todo o que non sexa unha crítica entregada. Para os autores e editores criticados só hai dúas explicacións posibles: ou o crítico sofre algunha doenza mental ou foi subornado. O lector pode crer que esaxero, pero abraiaríase de saber cantos autores e editores se defenden e contraatacan argumentando que son vítimas dunha inimidade manifesta ou dunha campaña de desprestixio, a pouco que xunten dúas malas críticas (sen que, pola contra, o maior número de críticas positivas recibidas no mesmo medio compensen tal visión).

Todos os cambios doen ao principio, e o exercicio desinhibido do espírito crítico á hora de valorar as novidades editoriais galegas é unha cousa bastante recente, polo que é de supoñer que co tempo os autores e os editores se acostumen a que non todos os seus produtos sexan celebrados con fogos artificiais.

Gustárame que a crítica non condescendente acabase sendo acollida con naturalidade, que se superasen as reaccións violentas con que a miúdo se recibe —o que é un síntoma manifesto da inmadurez do noso sistema literario— e que os autores vencesen a tentación de faceren crítica da crítica, como se os críticos literarios fosen contestando a aparición de obras pouco inspiradas coa publicación pola súa parte de novos volumes ripiosos.⁹

Ora ben, a meu ver o máis preocupante dos problemas da crítica literaria galega actual non provén das súas posibles dependencias —que afectan principalmente á súa profesionalidade—, senón da súa potencial recepción por parte do público lector —o que implica directamente á súa funcionalidade—. Daquela, cómpre preguntarse: ¿cumpre co seu cometido o crítico galego? ¿Consegue pechar o círculo comunicativo e facer oír a súa voz, o seu xuízo analítico, a súa recomendación lectora, ao público xeral?

Semella evidente que hoxe en Galicia hai unha relativa escaseza de canles nas que vehicular a crítica literaria o seu quefacer. É ben certo que na televisión, na radio, nos xornais ou en internet é posible descubrir espazos nos que se dá cabida a unha crítica impresionista, chamémoslle «de baixa intensidade», unha crítica descritiva que segue o modelo «crítica-índice», isto é, unha nova informativa de carácter literario de extensión mínima que se limita a dar a coñecer a aparición dunha novidade editorial. Mais, neses medios, é ben máis difícil atopar unha crítica valorativa, ou sexa, unha crítica de maior extensión que non se conforma con anunciar a saída ao mercado dun produto, senón que xulga a obra de acordo cuns determinados criterios de natureza estética, que responden a unha escala de valores socioculturalmente determinados, e que adquiren o seu ser crítico na observación das características que singularizan ese texto, na análise das súas calidades e defectos e no exame das particularidades que o significan, factores todos que

⁹ Texto en rede de Moises Barcia, “Matar ao mensaxeiro”, <http://www.vieiros.com/publicacions/opinion.php?id=39194&Ed=38> (4 abril 2004).

deben ser observados polo crítico denantes da emisión dos xuízos valorativos, positivos ou negativos, que verta sobre cada obra en concreto.

Verbo deste particular téñense manifestado Martínez Bouzas e Arturo Casas. O primeiro denunciou:

[Dende hai uns anos] obsérvase un proceso de reconversión dos suplementos culturais dos xornais galegos... O grave do asunto é que foron substituídos por suplementos á carta dos gustos dirixidos das masas lectoras, onde atopamos sobre todo unha mesturanza consumista e banalizadora dos produtos máis dispares e, entre eles, os libros. Porque efectivamente nas páxinas deses suplementos de fin de semana gárdase un pequeno espacio, o anaquiño dunha páxina, para facer un escaparate trivializador do libro galego, sobre o que o xornalista de quenda conta algo, tirado moitas veces das lapelas ou contraportadas e, con frecuencia, en español.¹⁰

Pola súa banda, Casas precisou:

Un apuntamento sobre a crítica. Segue habendo febleza, pero sería ruín negar a existencia de avances. O discurso crítico non logrou constituírse polo de agora en interlocutor do mercado. A crítica dialoga case en exclusiva cos autores, nin sequera dialoga suficientemente coa propia crítica. E iso tanto na súa vertente académica como na xornalística (prensa e radio; a TVG continúa negando que haxa literatura, e en todo caso semella interesarse pola galega tanto como pola suahili, outro caso de delincuencia impune).¹¹

Pois ben, aquí o observador atento desta realidade bate cun novo interrogante: ¿o lectorado galego non le crítica literaria porque non se lle ofrece nin suficientemente nin en medios accesibles para el ou, pola contra, non a le porque, simple e cruamente, non lle interesa? Aquí ofrécense varias respostas posibles, seguramente certas en parte todas elas. Por un lado está a evidencia da exigüidade de medios que apoian con soportes estables a presenza continuada do exercicio da crítica literaria: algúns xornais galegos —os menos—, un par de emisións radiofónicas —*rara avis*— e outro par contado de espazos televisivos. Evidentemente, a crítica académica está comparativamente mellor aprovisionada de canles nas que exercer o seu labor, pois non faltan no país algunhas meritorias revistas especializadas nas que se dá cabida a estes contidos. Mais, é mester recoñecelo, tales soportes, moi importantes para os círculos especializados e fundamentais por moitos motivos para o sistema literario, son absolutamente invisibles para o lectorado xeral, que nin coñece tales cabeceiras nin aproveita o traballo crítico nelas vertido.

Doutra parte, tamén é verdade que o interese dos galegos e galegas pola lectura en xeral, pola literatura en particular e, máis concretamente, pola literatura galega en concreto é porcentualmente máis que discreto. Apenas a metade dos galegos confesa ler habitualmente, e case un corenta por certo asegura facelo moi de cando en vez. Se a iso lle sumamos que o número de lectores competentes na nosa lingua se reduce a outro case cincuenta por cento; se ademais temos presente que a creación literaria esixe unhas

¹⁰ Francisco Martínez Bouzas, "Crítica literaria", *El Correo Gallego*, "Correo das Culturas", 1 abril 2001, p. 8.

¹¹ Texto en rede de Arturo Casas, "Ultimidades poéticas", http://bvg.udc.es/ficha_obra.jsp?id=ulpo (2002).

destrezas superiores ás da lectura común; e se por riba pensamos que para «descodificar» un comentario ou crítica literaria esas destrezas deben aínda afinarse máis, ¿que nos queda? Pois, en puridade, uns cantos centos, sendo moi positivos tal vez algúns escasos milleiros, de lectores e lectoras galegos que poden achegarse a esta produción crítico-literaria con proveito.

As solucións para este *statu quo* non son doadas. Seguramente pasen por unha maior sensibilización cultural da nosa sociedade, unha educación conducente a unha auténtica preocupación pola lectura en xeral e a literatura en particular e, tras desta, pola súa comprensión, análise e valoración. Utilizando un símil tomado do mundo da Sociolingüística: de pouco serve que os críticos e os investigadores literarios se afanen en «normativizar» a literatura —isto é, en analizala cientificamente e valorala tecnicamente, en historiala, en canonizar os seus diferentes produtos, en establecer comparanzas entre estes e outros doutras latitudes, etcétera— se logo a sociedade non «normaliza» coa súa lectura todo este labor.

Velaí a pequena traxedia do crítico literario galego actual. En grande parte escribe —cando menos polo de agora— para o gremio, mesmo para os creadores que reciben a lectura profesional das súas obras, pero poucas veces chega ao público xeral. Mais, fronte a isto, cónstame a profesionalidade e o afán de superación de moitos e moitas colegas, que apostan por futuro, por un país máis culto e intelixente onde falar e escribir de literatura sexa tan perfectamente normal como o son moitas outras cousas. Apostan por un traballo ben feito, que debe servir socialmente, sendo digno e valorado. ¿Utopía? Se cadra. Pero nese barco navegamos moitas e moitos.

[Publicado en *Grial*, outubro-novembro-décembro, 2005, pp. 123-127]